

presenta o mesmo nivel de logro ca noutro inferior hai uns anos. Co tempo, o valor das titulacións seguirá reducíndose, porque a escalada do esforzo educativo e a masificación universitaria aceleran o proceso de degradación. "¿Cánto tempo pasará antes de que tamén o posdoutoramento se converta nun distintivo de incompetencia para moitos postos, e sexa preciso pasar por pos-pos e pos-pos-posdoutoramentos?" (p. 198).

Logo de lelo, lembre que foi escrito hai tres décadas nos Estados Unidos de Norteamérica e non este mesmo ano en España, pero ¿a que non o parece?

BIBLIOGRAFÍA

ADAMS, S. (1998): *El principio de Dilbert*. Círculo de Lectores.

BLOCH, A. (1992): *La ley de Murphy*. Temas de Hoy.

PARKINSON, C.N. (1998): *La ley de Parkinson*. Scix Barral.

*CARMEN REDONDO LÓPEZ / **JOSÉ ALBERTO DÍEZ DE CASTRO

*Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela

** Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

ECONOMÍA DE GALICIA

ALBINO PRADA BLANCO

Vigo: Xerais. 1999

[164 páxinas]

Recibido: 31 xaneiro 2000

Aceptado: 31 xaneiro 2000

Economía de Galicia preséntase como un estudio útil para un amplo público interesado na realidade socioeconómica galega, proporcionando de forma ordenada e clara as claves para comprende-la situación da economía galega actual e as súas tendencias futuras. Trátase dunha boa e, ó tempo, oportuna iniciativa dada a carencia de estudos recentes sobre o conxunto da economía de Galicia. Os informes anuais da Fundación da Caixa facilitan unha interesante información e análise da conxuntura, pero non existen estudos recentes que a traten no seu conxunto. Nesta liña, non se trata dun traballo interpretativo senón dun estudio descritivo e honrado da realidade socioeconómica galega no que se emprega con rigor toda a información dispoñible.

O reto inicial era importante e, en xeral, foi ben cuberto, de termos en conta que se trata dun traballo dun único autor para unha temática considerablemente ampla e coa limitación do espazo nunha publicación curta, o que denota capacidade e mérito de síntese. Fala disto o autor na presentación, que expón con claridade o obxectivo e mailos límites do seu traballo impostos polo espazo e polo método. Compromiso que posteriormente, no desenvolvemento do libro, o autor cumpre con coherencia.

A publicación estrutúrase acertadamente en tres partes e un epílogo. A primeira parte confórmana os tres primeiros capítulos. Neles, o autor sitúa Galicia "no espazo e no tempo economicamente actuais", o que serve para que se debuxen unha panorámica xeral da situación actual da economía galega, das fontes bibliográficas e estatísticas dispoñibles. Explica tamén na primeira parte o papel da nosa economía e na súa evolución última, ó tempo que avalía o papel desempeñado pola posición xeográfica, a poboación e os recursos —naturais e de capital— na súa evolución. Trata ademais a desigualdade no crecemento nos últimos trinta anos e os factores que inciden na converxencia coas economías española e europea nese período.

A segunda parte, ata o capítulo sexto, dedícaa o autor á análise sectorial, estudia o complexo agroalimentario, a industria e os servizos, e a iniciativa pública tentando explica-la crecente terciarización da nosa economía. Existe nesta parte un notable traballo e un importante labor de síntese, aínda que tamén é onde cabe

realizar algunha apreciación crítica. Aínda que no desenvolvemento dos capítulos 4 a 6 o autor transcende o enfoque puramente sectorial considerando, por exemplo, a cadea de actividades integradas no complexo agroalimentario, e no relativo á industria o autor estudia os encadeamentos productivos e inclúe cadros de diagramas de actividades coma os do complexo do automóbil, quizais fose interesante dedicarlle un apartado específico posterior ó tratamento do funcionamento da economía como conxunto de actividades integradas. Neste sentido o epílogo semella curto para remedialo, así como as análises dos capítulos 7 e 8.

No apartado referido ó complexo agroalimentario semella forzada a análise da evolución conxunta do sector primario e as conclusións ás que se chega. A pesar de que as fontes estatísticas forzan a análise conxunta, a dinámica da agricultura e da pesca son diferentes, ademais de que esta última presenta un peso relativo en Galicia moi importante para influír de xeito significativo sobre os resultados do sector primario cando se comparan cos datos globais de España, onde a pesca ten un peso moi reducido. Neste sentido, a serie temporal 1985-95 é se cadra curta, ó tempo que o comportamento nos períodos de recesión e expansión pode ser diferente na agricultura e na pesca como para tomalos como base de conclusións de comportamentos diferenciais do sector primario, que medra con menor intensidade nas fases expansivas e con atraso e máis acusadamente nas recesivas. A actualización da información derivada da Contabilidade Rexional do IGE pode permitir unha análise máis polo miúdo aínda que veña publicada con bastante atraso e o propio IGE cometa o erro nas análises de conxuntura de realiza-la análise integrada do sector primario.

A terceira e última parte, capítulos 7 e 8, dedícase ó estudio do mercado de traballo e ás relacións económicas co exterior como elementos que permiten unha visión de globalidade das relacións económicas. Non estamos diante de análises novas destas temáticas senón ante aproximacións positivas que facilitan a comprensión global. No estudio do mercado de traballo constátase a destrución neta de emprego ata o 1997 e o comportamento diferencial que se dá na oferta de emprego en Galicia con respecto ó total español por causas demográficas e de estrutura sectorial da economía. Nas relacións co exterior analízase a evolución última do comercio e do investimento productivo estranxeiro e faise referencia ás relacións co resto de España, análise limitada pola falta de datos estatísticos agás a Contabilidade Rexional de Galicia do 1994. En todo caso, constátase que os intercambios máis fortes se producen coa economía española no seu conxunto, orixe e destino da maioría do noso comercio e coa que temos un déficit importante. No referido ó comercio exterior (estranxeiro) compróbase a súa forte concentración xeográfica na Unión Europea principalmente e, dentro dela, en Francia (comercio intra Cítröen) e en Portugal (mercado natural), a pouca diversificación e o peso das empresas transnacionais, entre outros aspectos. Apréciase tamén no traballo o feito de que se exportan fundamentalmente manufacturas, como corresponde a un país desenvolvido.

Resulta novo no presente libro que se comece situando a Galicia como rexión europea e que se analicen os valores de converxencia no espacio europeo, unha aceptación explícita da nosa realidade social que non abunda nos estudos da nosa economía. Tomando como base indicadores do Banco Mundial, no seu informe sobre o desenvolvemento humano, "nos últimos decenios deste século (1970-2000) Galicia incorpórase xunto co resto de España a unha área de ingresos de benestar alto, respecto da media de países do mundo". Unha taxa media de crecemento do 3,6% entre 1960 e 1995 permite esta incorporación. Galicia defínese, pois, como unha rexión europea e como próxima en ingresos e esquemas ós países desenvolvidos. O papel de Galicia como rexión europea reafirmase ó constatar que a taxa de inflación, a urbanización da poboación, o peso do gasto público sobre o PIB, o peso do sector servicios, o comportamento da poboación, etc. son semellantes ós medios europeos.

Xa no epílogo, o autor presenta "as trabas que lega a situación económica derivadas do último tercio do século XX para enfronta-los retos do XXI". Nesta última parte sinálanse algúns dos principais problemas e mesmo algunhas das vías de solución e análise cara ó futuro. Analízase, por exemplo, a posición partindo da concepción de Galicia como *finisterrae*, o que xera problemas pero tamén achega outras posibilidades. A demografía, as actividades sectoriais ou a terciarización son tamén considerados como problema e como saída. O epílogo hai que valoralo, xa que logo, como un acerto do autor e como unha demostración da súa preocupación e compromiso co conxunto dos problemas da nosa economía.

MANUEL CEFERINO DÍAZ DÍAZ
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela